

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 27 DE SETEMBRO DE 2024

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00043277Z.

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Acórdase ratificar a urxencia da convocatoria. |

2. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2024/00014666S.

Aprobación da proposta de resolución para a concesión de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, bisexual, transexual, intersexual, e queer (LGBTIQ+) para o ano 2024.

Acórdase: |

1. Aprobar a proposta de resolución para a concesión de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, bisexual, transexual, intersexual, e queer (LGBTIQ+) para o ano 2024, formulada pola comisión de avaliación o 09/08/2024 de conformidade cos criterios obxectivos de concesión previstos na base 10, e conceder as subvencións detalladas na seguinte táboa segundo a orde de maior a menor puntuación acadada por cada unha das entidades solicitantes

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Punt	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	ARELAS. ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS	"DIVA: PROGRAMA DE DIVERSIDADE, INCLUSIÓN E VALORES"	75	2.800,00 €
2	ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCCIÓN DE GALICIA (AEIGA)	"PROGRAMA XI MULLER EN IGUALDADE"	67	2.800,00 €
3	ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)	"PROXECTO RECRÉATE. 6º EDICIÓN"	65	2.586,66 €
4	CLUB DE HOCKEY RAXOI	"VII XORNADAS DE TECNIFICACIÓN E EMPODERAMENTO FEMININO A TRAVÉS DO HOCKEY A PATÍNS FEMININO"	64	2.800 €
5	ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO	"PROGRAMA ACAROAR"	63	2.800,00 €
6	ASOCIACIÓN ARRAINAS	"PROGRAMA: MULLERES NA RAIA"	61	2.800,00 €
7	REDE EDUCATIVA DE APOIO LGBTIQ DE GALICIA	"III CONGRESO EDUCATIVO LGBTIQ+ DE GALICIA"	61	1.802,60 €
8	ASOCIACIÓN AVANTE LGTBI	"ACTIVIDADES 2024 AVANTE LGBT "	58	1.300,00 €
9	ASOCIACIÓN DE EMPREGADAS DO FOGAR. XIARA	"PROGRAMA ACHÉGATE A NÓS"	58	1.500,00€
10	SINDICATO LABREGO GALEGO	"PROGAMA: NIN UN PASO ATRÁS NOS NOSOS DEREITOS"	58	2.580,00 €
11	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	"TECENDO CON FÍOS DE CORES"	55	2.800,00 €

TOTAL: 26.569,26 €

2. Aprobar a financiación do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 010 23102 4890100/2024. |

3. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2024/00043072Q.

Aprobación da orde de continuidade á empresa **SEGURSYSTEM EUROPA SLU** na prestación do “Servizo de vixilancia de instalacións municipais”, Lote I “Servizo de vixilancia das dependencias da UMAD”. |

Acórdase: |

Primeiro. Aprobar a orde de continuidade á empresa **SEGURSYSTEM EUROPA SLU** (CIF B36562429) na prestación do “Servizo de vixilancia nas dependencias da UMAD”, que debe perdurar ata a formalización do novo contrato, polo tempo indispensable para tal finalidade.

Segundo. Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos e de Contratación.

Terceiro: Notificar este acordo á empresa **SEGURSYSTEM EUROPA SLU** con indicación dos recursos que procedan. |

4. DEPORTES. Referencia: 2024/00043096V.

Aprobación da orde de continuidade á empresa á empresa **SEGURSYSTEM EUROPA SLU** na prestación do “Servizo de vixilancia de instalacións municipais”, Lote II “Vixilancia do Estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II”. |

Acórdase: |

Primeiro. Aprobar a orde de continuidade á empresa **SEGURSYSTEM EUROPA SLU** na prestación do “Servizo de vixilancia de instalacións municipais: Lote II: Vixilancia do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II”.

Segundo. Dar conta desta resolución aos Servizos Económicos e de Contratación.

Terceiro: Notificar este acordo á empresa **SEGURSYSTEM EUROPA SLU** con indicación dos recursos que procedan. |